

PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES– Curso 2017-2018

Primeiro Trimestre

Depto	Título da actividade	Data	Durac	Descrición/Obxectivos	Alumnos	Comentarios	Gasto previsto
Vicedirec/ Orientación	Programa Desenvolvemento Persoal	Todo o curso	6h	Programa ofertado polo concello para desenvolver a intelixencia emocional e afrontar retos persoais, sociais e escolares	ESO, FPB	6 sesións a longo de todo o curso, en horas de tutoría. Imparte Asoc. Adiante As Pontes	
	Programa "Suprime o control"	1ºtrim	3h	Talleres de prevención de violencia de xénero, concurso de microrrelatos e teléfono de apoio e consultas	FPB	Organiza Deputación da Coruña	
	Cine: "A viaxe de Unai"	18 out	2h	Proxección no cine Alovi, organizado polo Concello das Pontes	1ºESO		
	Taller Primeiros Auxilios	27 out	1h	Taller de Primeiros Auxilios e RCP	1º,2º ESO	Unha sesión por grupo. Organiza 061	
	English Week	19-25 nov	5 días	Semana de inmersión lingüística en ingles nunha vila galega	4ºESO		
	Programa de Acolida	27 sep	2h	Presentación ás familias dos alumnos/as para que coñezan aos titores, profesorado, o centro, etc.	ESO, FPB		
	Encontro Ensino empresa	29 sep	3h	Xornada de portas abertas para os empresarios, para coñecer as nosas ensinanzas e os talleres	Todo o centro		
	Plan Director Garda Civil	3 nov	1h	Charlas sobre Prevención alcoholismo (1ºESO) e Bandas xuvenís (2ºESO)	1º,2ºESO	Pendente confirmar por Garda Civil	
	Festa de Samain	27 out 12:10h	30min	Magosto	Todo o alumnado		
	Concurso de Postais Navideñas	nov-dec	-		ESO		
	Concurso de fotografía	out-nov	-	Elabórase o calendario 2018 coas seleccionadas	Todo o alumnado	Temática: Alimentación e Vida Saudable (Plan Proxecta)	Premios
	Celebración Día contra a violencia xe	25 nov	tutoría		3,4ESO	Pendente Oficina Muller do Concello	
	Festa de Nadal	21 dec	2h	Competicións lúdico deportivas	Todo o alumnado		
	O cine na aula	19 dec	2h	Actividade de cine: Visionado de filme e comentarios do director e outros participantes.	2º,3ºESO	Organiza Concello das Pontes	
Charla "Adopción de Animais"	20 dec	1h	Charla sobre adopción de animais e tenza de cans de raza potencialmente perigosa	1º,2º ESO	Protectora de Animais "Pegadas"		

Depto	Título da actividade	Data	Durac	Descrición/Obxectivos	Alumnos	Comentarios	Gasto previsto
Vicedirec/ Orientación	Programa A Ponte USC	28/11	1h	Charla "LHC:o maior experimento da historia"	1º,2º ME	A cargo de USC	
		12/12	1h	Charla "Formación para o traballo e insercion laboral"	4ºESO		
		20/12	1h	Charla "Os materiais: por que os adoro?"	1º,2º AF		
	Commemoracións varias	Todo o trimestre	1h	Día da Saúde Mental (10 out). Día das Nenas (11 out). Día contra os abusos sexuais a menores (19 nov). Día Universal da Infancia (20nov). Día de prevención da SIDA e ETS (1dec). Día da Discapacidade (3dec). Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía (1 ao 11 de dec). Día dos dereitos humanos (10dec)	Todo alumnado	En horas de titoría, con material aportado polo depto. De Orientación	
Automoción	Visita ao Museo do Automobil	Ao longo do curso	-		CF EVA	Salamanca	
	Visita a Fábrica de Montes de Renault	Ao longo do curso	-	Coñecer o proceso de fabricación de vehículos	CF EVA	Valladolid	
	Feira Motortec	Ao longo do curso	-	Coñecer as novidades en canto as ferramentas e equipos de reparación do automóvil.	CF EVA	Madrid	
	Salón do Automóvil	Ao longo do curso	-	Coñecer as novidades en canto as ferramentas e equipos de reparación do automóvil.	CF EVA	Barcelona	
	Rectificadora Lucense	Ao longo do curso	-		CF EVA	Lugo	
	Ponencia dun Especialista en Lunas	Ao longo do curso	2h		CF EVA		

Depto	Título da actividade	Data	Durac	Descrición/Obxectivos	Alumnos	Comentarios	Gasto previsto
Lingua Galega, EDLG, Biblioteca	Festa "O Samaín" e a cabaza falangueira	Final outubro	-	Concurso de cabazas decoradas Certame literario no que poderán participar todos os alumnos do centro de calquera nivel (aínda que especialmente vaia dirixido para os de 1º e 2º da ESO).	Todo o alumnado	As creacións serán contos ou narracións breves e tamén cómic ou banda deseñada en lingua galega. A temática ambientarase no Samaín con argumentos misteriosos, de medo, terror...	
	Emisión da radio escolar: RADIO RAS, A TÚA RADIO.	Todo o ano	20min/ día	O alumnado de ESO e de Ciclos continuará coa radio escolar RAS. Os alumnos e alumnas serán os encargados de elaborar as seccións e presentalas todos os recreos do horario escolar.	Todo o alumnado	Actividade para mellorar a súa competencia activa oral e fomentar a tipoloxía textual.	
	"Mira, escoita, compárteo e dálle ao gústame"	Todo o ano	-	Elaboración guións de videos para youtube	Todo o alumnado	Formar alumnos e alumnas con competencia activa na escrita e na oralidade. Amosar que o galego está presente no seu mundo.	
	VII Maratón de cine	5 out	12h 18:30h a 8h	Celebraremos o VII maratón de cine dos clubs de lectura, "Argalleiros e argalleiras das letras e gozaremos das películas elixidas por eles e elas, baseadas nos temas que xurdiron das lecturas realizadas no curso pasado. –	Alumnado club de lectura	A lingua galega será a canle de unión entre todos os asistentes á hora de comentar as proxeccións	
	Rutas literarias	1trim		Intentaremos achegar o alumnado a unha das seguintes rutas: lugares relevantes na vida de Mª Victoria Moreno Márquez; Curros e C. Emilio Ferreiro en Celanova; os Fillos do mar, por Pedro Feijoo en Vigo; Izan o da saca, por Xabier Quiroga pola provincia de Lugo... ou a calquera outra que apareza ao longo do curso e acaia ben ás nosas necesidades do momento	Todo o alumnado	Obxectivos: Esta actividade dinamizará a situación lingüística do alumnado e o contorno sociolingüístico do centro. (A periodización desta actividade poderá variar ao longo do curso dependendo das necesidades e dispoñibilidade dos e das implicados e implicadas.	

	Título da actividade	Data	Durac	Descrición/Obxectivos	Alumnos	Comentarios	Gasto previsto
Lingua Galega, EDLG, Biblioteca	ALAMEDA LITERARIA DAS ÁRBORES CELTAS do CASTRO DA UZ". As nosas árbores celtas unen, lembran, investigan, crean e falan.	Todo o ano		SE OS CELTAS ELIXIRON 21 ÁRBORES PARA MARCAR O FUTURO, QUE PLANTAS E ANIMAIS ÁS ACOMPAÑARÁN? Traballo de investigación que unirá o alumnado na busca de plantas e animais significativos para esta cultura que nos marcou tanto.	Todo o alumnado	O novo alumnado do centro achegarase á etimoloxía e significado dos seus nomes e apelidos e coñecerá a árbore celta que rexe a súa vida. Continuarase dando a coñecer a Alameda Literaria a todas as persoas, en especial convidarase ás delegacións da ONCE de Galicia para que opinen sobre o traballo realizad, sen esquecer o alumnado dos centros máis próximos da vila.	
	Educando en igualdade. 25 de novembro, día contra a violencia de xénero	25 nov		Elaborarán vídeos, emitirán programas na Radio Escolar, realizarán entrevistas, escribirán haikus, microrrelatos, contos, cómics..., deseñarán logos para realizar insignias e calquera outra manifestación que axude a amosar a necesidade de erradicar este tipo de violencia, así como calquera outra das súas manifestacións.	Todo o alumnado		
	Relación epistolar cun centro educativo a elixir	Todo o ano		O alumnado fomentará a competencia escrita activa na nosa lingua mantendo relacións epistolares con compañeiros e compañeiras dun centro educativo da nosa comunidade ou de fóra.	Todo o alumnado	Esta actividade pretende recordarles que hai outros xeitos de comunicación e favorecer así a expresión escrita e as relacións persoais. (Posible encontro a finais de curso entre os membros participantes na actividade.)	Posible viaxe
	Talleres solidarios	Todo o ano		O alumnado seguirá traballando para recadar cartos que logo destinarán a causas solidarias coas persoas da súa vila. Este ano aproveitarán os cartos conseguidos o curso pasado e, no mes de decembro, mercarán alimentos nun supermercado da vila que entregarán, coincidindo coas datas do Nadal, á concelleira do departamento de Servizos sociais do Concello das Pontes para que os faga chegar a nenos e nenas de familias desfavorecidas da vila.	Todo o alumnado	Os e as " Argalleiros e argalleiras das letras" seguirán fomentando esta actividade entre toda a comunidade educativa, e serán eles e elas os guieiros á hora de realizar as compras, coa supervisión de docentes. Obxectivos: Achegar o alumnado á súa lingua dende o coñecemento e o sentimento. Achegalos a través da súa lingua a valores como a solidariedade. Valorar o traballo comezado hai anos e motivalos a continuo. Esta actividade dinamizará a situación lingüística do alumnado e con persoas da súa contorna.	

Lingua Galega, EDLG, Biblioteca	Xogo "Argalleirando" (App Android)			Este ano continuaremos engadindo máis preguntas e inmiscindo a todos os cursos neste proxecto que, empregando a nosa lingua, servirá para aprender xogando e intentando conseguir máis usuarios que xoguen cos seus dispositivos móbiles.	Todo o alumnado	O pasado curso conseguimos presentar o xogo realizado polo alumnado de 3ºESO e de 2ºSMR que pon a proba os coñecementos sobre diferentes bloques: lingua e literatura, Cine e televisión, Xeografía e historia, Música, Ciencia e natureza e Deportes.	
	Revista "Argalladas"	1ºtrim		O equipo redactor continuará dirixindo as seccións desta revista e intentando inmiscir o maior número de alumnado neste proxecto porque é a voz de todos e todas. (Comezo dos traballos). Este curso seguiremos compartindo e intercambiando algúns artigos da nosa revista coa revista escolar doutros centros educativos.	Todo o alumnado	Seguiremos pedindo a colaboración do profesorado de informática para que anime o seu alumnado a ser os e as que preparen os artigos e impriman esta publicación.	
	Educando en igualdade	1ºtrim		Elaborarán vídeos, emitirán programas na Radio Escolar, realizarán entrevistas, escribirán haikus, microrrelatos, contos, cómics..., deseñarán logos para realizar insignias e calquera outra manifestación que axude a amosar a necesidade de erradicar este tipo de violencia, así como calquera outra das súas manifestacións.	Todo o alumnado	Continuaremos fomentando entre o alumnado a necesidade de compartir os valores humanos que deben rexer a sociedade na que vivimos. O respecto, a solidariedade, o compromiso... presidirán todas as actividades que realizaremos	
	O Nadal en galego	Dec	-	O alumnado da ESO e todo o que queira participar continuará achegándose ás novas tecnoloxías felicitando dun xeito lúdico a todos e a todas na nosa lingua. CONCURSO DE VÍDEOS.	Todo o alumnado	Entrega dos alimentos comprados, cos cartos recadados o curso pasado polos "Argalleiros e argalleiras das letras", a un responsable da área de servizos sociais do concello das Pontes.	
	Taller de creación literaria. Lemos para vós. Creando audiolibros	Todo o curso	-	Continuando o traballo iniciado hai anos, seguiremos poñéndolles voz ás obras literarias elixidas polo alumnado co fin de achegarlle a nosa literatura ao maior número de persoas. Este curso o noso obxectivo será dar a coñecer a M ^a Victoria Moreno Márquez, autora homenaxeada co Día das Letras Galegas no curso 2018.	Todo o alumnado	Esta actividade dinamizará a situación lingüística do alumnado, o contorno sociolingüístico do centro e achegará a nosa lingua a persoas afastadas da nosa realidade.	
	Taller de creación literaria. Para quen o por que?			Manexarán os fondos que temos na nosa biblioteca co fin de coñecer, ler e descubrir as dedicatorias que os autores e autoras fan nos seus libros. Clasificaranas por temáticas e investigarán o significado que encerran estes pequenos textos.	Club de lectura	De ser posible, elixirán os autores e autoras que realizaron as dedicatorias máis suxestivas para ter un encontro a fins de curso.	

Depto	Título da actividade	Data	Durac	Descrición/Obxectivos	Alumnos	Comentarios	Gasto previsto
Lingua Galega, EDLG, Biblioteca	Actualizamos o dicionario da xerga xuvenil			Co fin de traballar a tipoloxía textual e fomentar o traballo en grupo, este curso retomaremos a actualización do Dicionario da xerga xuvenil elaborado hai anos polo alumnado do centro.	Todo o alumnado	Traballaremos a definición con novas entradas, a ilustración, a expresión escrita e oral.	
Debuxo	As Pontes "en pezas"	1º trim		As Pontes enPEZAS pretende llenar nuestra villa de piezas artísticas que permitan continuar con la mejora estética iniciada hace años de los espacios públicos (como parques, plazas y paredes)	ESO	Actividade fora de horario lectivo	
Francés	Contacontos senegalés	1º trim	1h		Alumnado francés	Salón de actos	
Educación Física	Camiño de Santiago	25 out	1 día	Etapa do Camiño de Santiago: Triacastela - Samos	ESO		Bus
	Introducción al fútbol Gaélico	1º trim	1h		ESO	En horas de clase de EF	
Electrónica	Medición de ambiente Sonoro	1º trim	3h		CF ME		

PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PREVISTAS– Curso 2017-2018

Segundo Trimestre

Depto	Título da actividade	Data	Durac	Descrición/Obxectivos	Alumnos	Comentarios	Gasto previsto para o IES
Vicedirec./ Orientación	Festa do Entroido	9 feb	4h	Festa de entroido. Regueifas e disfraces	Todo alum		
	Comemoración día da Muller Traballadora	8 marzo	2h		ESO, FPB	Pendente concretar con Maca Rego (Concello)	
	Semana da Prensa	6-10 mar		Actividades organizadas por diferentes departamentos didácticos		Traballo con xornais	
	Día Escolar da non Violencia e da Paz	30 xan		Actividades organizadas por diferentes departamentos didácticos			
	Recepción familias 6º curso colexios de primaria da vila	Marzo	2h		Familias CEIP	Equipo directivo y departamento de orientación	
	Charla das forzas armadas	15 xan	1h	Oferta formativa das Forzas Armadas	3º,4º ESO	Pendente confirmar con titores	
	Educación vial e Lesións Medulares	19 feb	1h		4ºESO,FPB	Ponentes: Aesleme	
	Obradoiro de sexualidade e afectividade	2º trim	1h		3º,4º ESO e FPB	Departamento de Orientación en colaboración cos servizos psicolóxicos do Concello de As Pontes	
	Educación para a saúde : Programa Descubre tu mente : enfermidade mental e drogas	2º trim			3º,4º ESO e FPB	A.S.F.A.E.S. Porta Nova	
	Charla sobre Ludopatías	5 feb	1h		1º,2º FPB		
	Orientación Académica e Profesional	27 feb			4º ESO, FP	Visitas a Campus, Charlas no instituto e asistencia á Feira Orientación Fene	
Charla Alexías Alimentarias	26 feb	1h		1º,2º ESO	Actuación ante crises alérxicas	E una sesión adicional para o profesorado	
Electrónica	Visita "Arteixo Telecom"	2º trim	3-4h		CF ME		
	Visita "Einsa"	2º trim	3-4h		CF ME		
	Visita "Sotavento"	2º trim	3-4h		CF ME		
Educación Física	Tiro con Arco	9 feb	2h	Colabora club Silex de Tiro con Arco de As Pontes.	1º,2º ESO		
	Escalada en rocha e/ ou rocódromo.	2º trim	6h		1º,2º ESO	En Ferrol. Toda a mañá	Bus. Monitores
	Xornada co Obradoiro CAB	21 mar	2h		1ºESO	(organiza Endesa)	

Depto	Título da actividade	Data	Durac	Descrición/Obxectivos	Alumnos	Comentarios	Gasto previsto para o IES
LINGUA GALEGA, BIBLIOTECA E EDLG	Taller de creación			Obradoiro literario a cargo dun escritor/a, ilustrador/a, cantante... que acepte a invitación que se realizou no primeiro trimestre e grazas a el ou ela descubrirá os segredos que agocha a creación literaria e artística.	Pendente		
	“Música e poesía”	21 marzo		O alumnado da ESO recitará unha escolma cos poemas elixidos da Antoloxía poética das árbores celtas co fin de poñerlles música e seguir unindo o amor pola natureza co amor pola súa cultura.	ESO		
	Conmemoración do día da Non Violencia e da Paz. Os nosos contacontos comparten o día da paz.	30 xan		O alumnado da ESO, e os que o desexen dos outros cursos, realizarán manifestos, carteis, poemas, cometas, cómics, insignias... e celebrarán este día “Xogando en Paz”. Os compoñentes dos clubs de lectura “Argalleiros e argalleiras das letras” elixirán contos ou historias para seguir sendo mensaxeiros da PAZ.	Todo alumnado	Este curso tentaremos coñecer novos nenos e nenas para compartir con eles e elas os nosos contos e historias. Tamén barallamos a posibilidade de achegarnos a centros da terceira idade ou a algún hospital para facerlles pasar uns momentos inesquecibles, polo menos para nós, a estas persoas.	
	Lingua de amor	Feb		No mes de febreiro realizaremos un concurso de SMS ou WHATSAPP de mensaxes de amor escritas en galego.	Todo alumnado	Terán un límite de 120 caracteres máximo e, de entre todas as presentadas que se irán metendo nunha caixa, elixirase a máis orixinal, máis sentimental e mellor escrita.	
	Reforestación de bosques (Lobios) + ruta dos Poetas por Celanova	2 mar	6h		Varios	Alumn@s voluntari@s de varios cursos	
Debuxo	Taller Fundación Barrié e Visita MAC	2ºtrim			3º,4º ESO	De 4ºESO, so alumn@s EPV	
	Taller Museo Belas Artes da Coruña	2ºtrim			3º,4º ESO	De 4ºESO, so alumn@s EPV	
Francés	Teatro en Francés	2ºtrim	3h		Alumnado francés		
Latín	Viaxe a Cartaxena	17-20xan	3 días		4º ESO	So alumn@s de Latín	
	Teatro clásico	5 marzo	1día	Sesión de mañá e tarde (traxedia e comedia)	4ºESO Latín	En Lugo. So alumnos de latín. Irán cos alumnos de latín do IES Moncho Valcarce	Bus
Física	Visita Reganosa	15 feb	4h	Visita ás instalacións de Reganosa en Mugardos	2º,3º,4º ESO		
Automoción	Visita ExpoFrain	26 xan	6h	Visita Expofrain en Expolugo	1º,2º EVA	Feira de recambios de Automóbil	

Depto	Título da actividade	Data	Durac	Descrición/Obxectivos	Alumnos	Comentarios	Gasto previsto para o IES
Economía	Proxecto empresarial con Seara: "Ccooperat. Educat XELO"	2º,3º trim	Os 2 trimestr.		4º ESO		
Informática	Visita OPENOR ou outra empresa do sector	Maio	6h	Visita ás instalación deste empresa de telecomunicacións das Pontes	1ºSMR 2ºSMR		
	Visita Cesga, Amtega	21 mar	8h		1ºSMR 2ºSMR		
Xeografía e H.	Roteiro Río Cuberto	21 mar	5h		2ºFPB	(A Capela)	
Electrónica	Campus Universitario Serantes	16 mar	6h		1º,2º ME		

PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PREVISTAS– Curso 2017-2018

Terceiro Trimestre

Depto	Título da actividade	Data	Durac	Descrición/Obxectivos	Alumnos	Comentarios	Gasto previsto para o IES
Vicedirec./ Orientación	Charla sobre os itinerarios académicos:3º, 4ºEso. Revalidas. Acceso á universidade	9 abril	1h		3,4 ESO e familias	A cargo da orientadora	
	Charla sobre o acceso a universidade	maio	1h		4ºESO e e familias	Universidades	
	Xornada de portas abertas para coñecer o noso centro	Maiouxuño	2h	O equipo directivo, depto. De Orientación e Profesorado de ciclos formativos presentan a oferta educativa de Bacharelato e Ciclos.	4ºESO e outros centros	Para alumnos e familias	
	Recepción do alumnado de 6º EP dos CEIP matriculados para o seguinte curso	xuño	1h		Alumnado CEIP	Equipo directivo y departamento de orientación	
	Programa ANOCA	Abril	1h		4ºESO, FPB	EPA Teixeiro	
	Charla Hábitos Alimentarios	Abril	1h		ESO		
	Charla Orientación laboral e emprego	Abril	1h		Toda a FP	A cargo do Concello das Pontes.	
	Festa de fin de curso	21 xuño	4 h		Todo o alum	Concurso de talentos e actividades deportivas	
	Excursión fin de ESO	16-21 Xuño	5 días	Viaxe de fin de etapa	4ESO		
	Andaina Aspanaes	13 abr	2h	Andaina concienciación Autismo	1,2,3 ESO	Organiza ASPANAES	
	Visita Salón FP Innova	26 abr	5h		Ciclos		
	Programa Voluntariado ENDESA	Abr, Mai	-	Convenio de charlas e visitas á central	Ciclos		
	Celebracións varias	3ºtrim		Día da Saúde (7 abril). Semana do libro (17-21 abril). Día de europa (9 maio). Día do Medio Ambiente (5 xuño).	Todo o alumnado	Actividades varias	

Depto	Título da actividade	Data	Durac	Descrición/Obxectivos	Alumnos	Comentarios	Gasto previsto
Educación Física	Jornadas de introducción al Rugby	3ºtrim	2h	Jornadas de introducción al Rugby	ESO	En horas de EF	
	Iniciación ao piragüismo	Maio	Todo o día		3º,4º ESO	En As Pontes. Mañá e tarde	Bus. Monitores
	Práctica de Surf	21 xuño	Todo o día		ESO	Actividade para o derradeiro día de clase	
Inglés/Bioloxía	Teatro en Inglés / Aquarium Finisterrae	25 abr	Todo o día	Obra de teatro en inglés "Charlie and the Chocolate Factory"		Así mesmo realizarán unha visita ás praias da Costa da Morte para aproveitar a actividade prevista polo departamento de bioloxía para este mesmo curso.	
LINGUA GALEGA, BIBLIOTECA E EDLG	Celebración do Día do libro	23 abr	2 días	Actividade que une lectura, composición poética e deseño gráfico nun ambiente de amizade no que o vehículo de comunicación é a lingua galega	Argalleiros das letras	Lugar por decidir	
	Día Das Letras Galegas.Toda A Comunidade Educativa Lembra A M ^a Victoria Moreno Márquez	Maio		Dende o comezo de curso o alumnado comezará a poñerlle voz a obras da autora homenaxeada o Día das Letras Galegas para compartilas no blog e achegárllelas a todas as persoas. Presentación do retrato gañador, do cómic sobre a súa vida, do xogo realizado, das audicións e outros traballos sobre esta autora.	Todo o alumnado		
	Revista "Argalladas"	3º trim		Finalización da actividade comezada no primeiro trimestre e desenvolvida ao longo do curso.	ESO		
	Presentación Da Actualización Do Xogo " Argalleirando"	3º trim		Agardamos ter rematadas as novas preguntas elaboradas polo alumnado para que todos e todas poidamos seguir aprendendo a xogar en galego.			
	Teatro "Leonardo e os fontaneiros"	16 maio	2h	De M ^a Victoria Moreno (Día das letras galegas 2018)	ESO	Xunto con IES Moncho Valcarce. Organiza Concello das Pontes	
	Teatro "Castelao"	3º trim	2h	Da compañía Galeatro	ESO	Xunto con IES Moncho Valcarce.	
	Charla Prevención Incendios e coidado dos bosques	27 abr	2h		ESO		
	Obradoiro Plantas Celtas	6 abr	2h		3º,4º ESO		
Francés	Concurso de crepes	-	3h		ESO		

Xeografía e Historia	Roteiro Río Cuberto (A Capela)	15 maio	6h		1º ESO	
	Roteiro polas fervezas de Somede (As Pontes)	Maio	6h		2º ESO	
	Roteiro entre Pontedeume e Redes	5 xuño	6h		2º ESO	
	Saída Fragas Eume/Mosteiro Monfero	31 maio-1 xuño	2 días		3º ESO	
	Roteiro por Conxo	22 maio	6h		4º ESO	
Informática	Visita museos A Coruña	Maio	6h		1ºFPB	
Admin e finanzas	Visita Pull&Bear Narón	31 maio	6h		1ºAF	
	Formación TPV	4 abr	4h		1ºAF	
Economía	Charla ABANCA (PROEM)	Xuño	2h	Cooperativa PROEM	4º ESO	
Automoción	Mostra proxecto Automoción	31 maio	1h	Mostra dun proxecto elaborado por alumnos de automoción	3º,4ºESO	